



NOVO VERTIDO DA DEPURADORA DE OS PRACERES

Un novo vertido procedente da depuradora de Os Praceres ven poñer en perigo unha vez máis a calidade das augas da enseada de Lourizán e, xa que logo, a do marisco deste importante banco marisqueiro. Resulta certamente lamentabel e inxustificabel que as enormes potencialidades da nosa Ría, e en particular as do banco marisqueiro de Os Praceres, sexan permanentemente ameazadas pola existencia de vertidos –sexan de orixen urbano ou industrial- que impiden que as zonas marisqueiras da nosa Ría conquiran a desexabel catalogación como zonas A ou B.

E resulta máis lamentabel se cabe, que estes vertidos se produzan –como neste caso- por un mal funcionamento dunha infraestrutura que ten precisamente a función de depurar as augas fecais urbanas para a protección da calidade das augas da nosa Ría.

Dacordo coas declaracións do delegado provincial da Consellería de medio ambiente da Xunta, o vertido foi consecuencia das obras que se están a efectuar na estación depuradora para dotala de depuración secundaria, e foi eliminado en canto houbo coñecemento do problema. Como é lóxico, na “Asociación Pola Defensa da Ría” somos conscentes de que nunha infraestrutura desta natureza –e máis cando se están a levar adiante reformas- podense producir fallos puntuais no funcionamento, pero a realidade é que o funcionamento desta depuradora deixa moito que desexar desde hai tempo; non se trata da primeira vez que se detectan estes vertidos, e son moitas as ocasións nas que desde diversos colectivos sociais se teñen denunciado feitos semellantes ao que hoxe nos ocupa.

Para a APDR, que entende necesaria a dotación á depuradora de Os Praceres dun sistema de depuración secundario, é absolutamente imprescindible que desde as administracións da Xunta e do Concello de Pontevedra se tomen todas as medidas precisas para que non se volten a producir feitos desta natureza, como é absolutamente imprescindible a eliminación de todos os vertidos (fecais e industriais) que hoxe siguen saíndo directamente á Ría e aos ríos que a conforman. A separación das augas fecais e pluviais en todos os Concellos da Ría, a depuración ao máis alto nivel posíbel das augas de orixe urbano, e a eliminación de todos os vertidos industriais potencialmente perigosos para os cultivos mariños, son medidas técnicas sen as que non vai ser posíbel conquistar o saneamento da nosa Ría e a recuperación dos recursos naturais e a economía vencellada á súa explotación racional; a persecución das infraccións en materia de vertidos e o castigo aos culpabeis, o úneco xeito de facer fronte aos que siguen impedindo que o saneamento e a recuperación da Ría sexa unha pronta realidade. E neste camiño as administracións, todas as administracións, teñen que dar exemplo; de pouco sirven declaracións pomposas.

Confiamos en que este episodio sexa o último que se produza na estación depuradora de Os Praceres, e apoiamos –como sempre o fixemos- ás mariscadoras na defensa das súas xustas reivindicacións cara a conquistar a recuperación da categoría A para o que sen dúbida é un dos mellores bancos marisqueiros da nosa Ría.

Pontevedra, 22 de xullo de 2007